



Festival Groba - 2015

do 8 ao 14 de agosto - Pontearéas (Pontevedra)

www.festivalgroba.com

A xeito de presentación

En agosto de 2013 nacía en Ponteareas o Festival Groba marcando un referente dentro deste tipo de actividades de verán na Comunidade Galega. O seu formato, misturando a interpretación e maila formación de novos músicos como as súas principais sinais de identidade, ao igual que se vén facendo en moitos outros festivais por toda Europa, converteuno en único no noso entorno.

Este ano quixemos darlle unha volta ao formato ampliando as actividades a un concurso internacional de violín. Artistas novos de todo o mundo tiveron a oportunidade de inscribirse, malia que a selección previa deixounos para a participación no certame a 18 mozos e mozas procedentes de España, Xapón, Rusia, Alemaña, Reino Unido, Suíza, Portugal e Polonia. Estes rapaces e rapazas competirán no Auditorio Reveriano Soutullo fronte ao público ponteareán, e fronte a un xurado integrado por nomes do prestixio de Clara Jumi, Xesús Reina, Elena Urioste, Pablo Vidal ou Rogelio Groba Groba. Contarán, amáis, coa colaboración da prestixiosa pianista Kasia Wieczorek, unha das máis solicitadas do panorama actual como pianista acompañante, para a fase de selección. Na final deberán actuar conxuntamente coa Orquestra de Cámara Galega que, un ano máis, exerce de “orquestra residente” do festival.

Como curiosidade, teremos a oportunidade de asistir a un concerto previo ao certame, no que algúns membros do xurado amosarán o seu bo traballo, algo pouco habitual neste tipo de concursos.

Nesta nova cita contaremos tamén cos nosos tradicionais concertos, nos que poderemos disfrutar de novo da comparecencia da OCGa acompañada de solistas da calidade de Javier Díaz, Helena Poggio, André Cebrián ou Xoel González, así como un concerto coral protagonizado polo Obradoiro Vocal A Vila e o Coro Xuvenil Cantemos, que contarán coa participación dos directores Josu Elberdin e Javier Busto.

Remata o programa o apartado pedagóxico que, nesta ocasión, correrá a cargo da chelista Helena Poggio, especialista no seu instrumento e tamén en música de cámara, que se encargará de impartir senllas clases maxistrais sobre cada unha delas no Conservatorio Municipal da localidade.

Os compositores que protagonizarán o festival serán Rogelio Groba, de quen poderemos asistir á estrea mundial do seu concerto “O xílgaro e o picapau”, e á interpretación de outras obras da súa autoría, así como Mozart (obrigado no concurso), Paganini, Bach, Vivaldi, Britten, Brahms, Tchaikovsky, Hubay, Wienawski, Waxman, Ravel, Ernst, Kroll, Holst, e un longo etcétera.

Tanto os cursos como os concertos diarios no Auditorio Municipal, serán ofertados de balde grazas ao apoio brindado polas institucións e empresas privadas, que facilitaron a realización do festival coas súas achegas.

Naceu en 1930 en Guláns, (Ponteareas). Os seus primeiros contactos coa música viñeron a través da banda “A Unión”, de Guláns, como frautín solista. Estudou no Real Conservatorio de Música de Madrid, onde obtivo o título Superior en Composición, e exerceu como director de banda en diversas prazas antes de trasladarse, en 1962, a Suíza. Alí dirixiu varias agrupacións con gran éxito, como demostra que se celebren catro *Festivais Groba* en recoñecemento ao seu labor. En 1967 regresa a España como director da Banda-Orquestra Municipal da Coruña, cargo que exerceu 23 anos. Foi profesor e director do Conservatorio da cidade, e fundou a Orquestra do Conservatorio e maila Orquestra de Cámara Municipal, ademais dunha morea de conservatorios por toda a xeografía galega.

Da súa discografía destacan a gravación feita pola Stuttgart Kammerorchester de *Cantigas de Mar e Intres boleses*, ou as realizadas pola London Symphony Orchestra: *Gran Cantata Xacobe*a (dobre CD), co coro London Voices; o *Concerto para violín e orquestra “Confidencias”*, e o *Concerto para cello e orquestra “Fauno”*. Tamén destacan as realizadas pola OCGa do *Concerto para dous violíns e orquestra “Arcaico”* e do *Concerto para cello e orquestra “Añoranzas”*.

No seu catálogo figuran arredor de 700 obras dos máis variados xéneros e estilos: cinco óperas (máis unha ópera infantil), 14 sinfonías, 22 concertos (máis *Oito microconcertos*), un réquiem, dous ballets, 11 cantatas, 15 suites, abundante música sinfónica e tamén de cámara, coral, para piano, para banda e un longo etcétera.

Autor de ensaios e libros como *252 alalás*, dende 1990 adícase só á composición, campo no que foi recoñecido cos máis prestixiosos galardóns. É membro do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, da Real Academia Galega de Belas Artes, da Real Academia de San Fernando, de Madrid, e presidente da Fundación Rogelio Groba.



ACTIVIDADES _ concertos

[auditorio municipal _ entrada de balde]

8 de agosto_sábado

21:00 h.

CONCERTO INAUGURAL

- I -

A. VIVALDI: Concerto para dous violíns op.3 n 8
RV 522.

Allegro.

Larghetto e Spiritoso.

Allegro.

R. Groba: Concerto Arcaico en Re (para dous
violíns).

I.- Allegro.

II.- Largo.

III.- Allegretto.

IV.-Largo.

V.- Presto.

Solistas: Javier Diaz, Rogelio Groba.

- II -

B. BRITTEN: Simple Symphony.

I.- Boisterous Bourrée.

II.- Playful Pizzicato.

III.- Sentimental Sarabande.

IV.- Frolicsome Finale.

Orquestra de Cámara Galega.

[Director-concertino: Rogelio Groba Otero]

9 de agosto_domingo

21:00 h.

CONCERTO VOCAL

- I -

J. BUSTO / I. MÚJICA: Urmaelean.

JIM PAPOULIS: When I close my eyes.

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

N. LUBOFF /S. CAROL: A la nanita nana.

M. LEITE: Cantos nativos dos indios Karó.

Coro Xuvenil Cantemos.

A. BRUCKNER: Virga Jesse Floruit.

J. THEINBERGER: Abendlied.

J. ELBERDIN / HERRIKOIAK: Izar ederrak.

J. BUSTO / M. CAEIRO: Cantar de nenos.

Obradoiro Vocal A Vila.

- II -

J. BUSTO: Foliada de Nadela.

J. ELBERDIN: Sleep my little sea.

Coro Xuvenil Cantemos.

[Dir: Javier Busto].

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

J. ELBERDIN: Durme, meu neniño.

J. ELBERDIN: Mare nostrum.

Coro Xuvenil Cantemos.

[Dir: Josu Elberdin].

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

CH. ALBERT, BÁRBARA W.: The storm is passing
over.

Obradoiro Vocal A Vila.

[Dir: Josu Elberdin].

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

J. BUSTO / M.C. ENRÍQUEZ: Rosalía.

Obradoiro Vocal A Vila.

[Dir: Javier Busto].

R. GROBA / K. QUINTANA: Pandeirada da chuva.

R. GROBA / L.I. DE SOUZA: Mariñeiro.

Obradoiro Vocal A Vila.

Orquestra de Cámara Galega.

[Director: Rogelio Groba Otero].

J. ELBERDIN: Angelus.

Obradoiro Vocal A Vila.

Orquestra de Cámara Galega.

[Director: Josu Elberdin].

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

J. BUSTO: Ave María.

Obradoiro Vocal A Vila.

Orquestra de Cámara Galega.

[Director: Javier Busto].

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

J. ELBERDIN: Por isto cantamos xuntos.

Obradoiro Vocal A Vila.

Coro Xuvenil Cantemos.

Orquestra de Cámara Galega.

[Director: Por determinar].

Pianista acompañante: Alejo Amoedo.

10 de agosto_luns

21:00 h.

GALA DO VIOLÍN

J. BRAHMS: Sonata para violín e piano en Sol
Maior op 78

I.- Vivace ma non troppo

II.- Adagio-Piu Andante-Adagio

III.- Allegro molto moderato

Elena Urioste [vln.]

Kasia Wieczorek [p.]

J. BRAHMS: Sonata para violín e piano en Re
menor op 108

I.- Allegro

II.- Adagio

III.- Un poco presto e con sentimento

IV.- Presto Agitato

Jesús Reina [vln.]

Kasia Wieczorek [p.]

P. TCHAIKOVSKY: Meditation de "Souvenir de un
lieu cher"

J. HUBAY: Carmen Fantasie

Clara Jumi Kang [vln.]

Kasia Wieczorek [p.]

- ✓ Os días 11 e 12 terá lugar a primeira fase do concurso, no que participarán un total de 18 candidatos. A orde de intervención será determinada por sorteo previo. Estes concertos comezarán ás 19:30 horas.
- ✓ A pianista que acompañará aos participantes será Kasia Wieczorek.
- ✓ Ao rematar a xornada do día 12, o xurado dará a coñecer o seu veredicto. Os participantes seleccionados para a fase final competirán o día 13.
- ✓ A fase final comezará ás 21:00 h. Os concursantes estarán acompañados pola Orquestra de Cámara Galega.
- ✓ Os 18 participantes e os programas que teñen preparados para as dúas fases do concurso son, por orde alfabética, os seguintes:

Areal Martínez, Sara [19 anos, España]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Presto da Sonata nº
1 para violín en Sol
menor

H. WIENIAWSKI: Polonesa
en Re Maior op 4

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movemento do Concerto
para violín en La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 16

**Chin, Matthew [21 anos, Hong Kong-China]**

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Fuga da Sonata nº 1
para violín en Sol
menor

H. WIENIAWSKI: Polonesa
en Re maior op 4

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movemento do Concerto
para violín en La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 11

**Barone Hojo, Elena [21 anos, Italia/Xapón]**

PRIMEIRA FASE:

J.S. BACH: Chacona da
2ª Partita para violín
en Re menor

M. RAVEL: Tzigane

FINAL:

W. A. MOZART: 1º move-
mento do Concerto
para violín en La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 2

**Costa, Tomás [22 anos, Portugal]**

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Andante e
Allegro da Sonata
nº 2 para violín en
La menor

W. KROLL: Banjo and
Fiddle

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movemento do Concerto
para violín en Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 10



Fraguas Amor, José [17 anos, España]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Fuga da Sonata nº 1
para violín en Sol
menor

F. WAXMAN: Carmen
Fantasy

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movement do Concerto
para violín en Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 24



Lundina, Maria [14 anos, Rusia]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Sarabanda e
Giga da Partita nº 2
para violín solo en
Re menor

H. WIENIAWSKI: Varia-
cións sobre un tema
orixinal op 15

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movement do Concerto
para violín en Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 20



Grajner Desa, Cristian [21 anos, Reino Unido]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Andante e
Allegro da Sonata
nº 2 para violín en
La menor

H. WIENIAWSKI: Polonesa
en La maior op 21

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movement do Concerto
para violín en Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 14



Masaoka, Eri [22 anos, Xapón]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Allemande e
Giga da Partita nº 2
para violín en Re
menor.

E. YSAYE: Waltz Caprice

FINAL:

W. A. MOZART: 1º move-
mento do Concerto para violín en Sol
maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 2



Kramb, Anne Luisa [15 anos, Alemaña]

PRIMEIRA FASE:

G. P. TELEMANN: Fantasía
para violín nº 4 en
Re maior

P. SARASATE: Carmen
Fantasie op 25

FINAL:

W. A. MOZART: 1º move-
mento do Concerto para violín en La
maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 1



Melo, Gonçalo [21 anos, Portugal]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Fuga da Sonata nº 1
para violín en Sol
menor

F. KREISLER: Recitativo e
Scherzo para violín

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movement do Concerto
para violín en La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 23



Nick, Elea [16 anos, Suíza]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Presto da Sonata nº
1 em Sol menor

M. RAVEL: Tzigane

FINAL:

W. A. MOZART: 1º move -
mento do Concerto
para violín em Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 5



Nojgebaor, Marta [23 anos, Polonia]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Chacona da
Partita nº 2 para
violín em Re menor

F. KREISLER: Recitativo e
Scherzo para violín

FINAL:

W. A. MOZART: 1º move -
mento do Concerto para violín em La
maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 11



Poghosyan Mirzoyan, Diana [17 anos, España]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Fuga da Sonata nº 1
para violín só em Sol
menor

E. YSAYE: Sonata nº 3
para violín só
"Ballade"

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movimento do Concerto
para violín em Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 17



Rubio Pentcheva, Elina [19 anos, España]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Andante e
Allegro da Sonata
nº 2 para violín em
La menor

E. W. ERNST: Last rose of
the summer

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movimento do Concerto
para violín em Sol maior KV 216

N. PAGANINI: Capricho nº 4



Shibutani, Reina [22 anos, Xapón]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Adagio e
Fuga da Sonata nº 1
para violín em Sol
menor

F. WAXMAN: Carmen
Fantasy

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movimento do Concerto
para violín em La maior KV 219

H. WIENIAWSKI: Capricho nº 5 op 10 "Alla
saltarella"



Shimada, Mitsuhiro [16 anos, Xapón]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Loure e
Bourrée da Partita
nº 3 para violín em
Mi Maior

H. WIENIAWSKI: Fantasía
sobre temas de
Fausto op 20

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movimento do Concerto
para violín em La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 20



Vnokova, Sofiya [19 anos, Rusia]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Sarabanda e
Giga da Partita nº 2
para violín en Re
menor

N. PAGANINI: La Moli -
nara

FINAL:

W. A. MOZART: 1º movimento do Concerto
para violín en La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 24



Zelaia Zia, Julen [20 anos, España]

PRIMEIRA FASE:

J. S. BACH: Largo e Allegro da Sonata nº 3
para violín solo en
Do maior

N. PAGANINI: Le Streghe
op 8

FINAL:

W. A. MOZART: 1º
movimento do
Concerto para
violín en La maior KV 219

N. PAGANINI: Capricho nº 11



14 de agosto_venres

21:00 horas

CONCERTO DE CLAUSURA

– I –

Espazo reservado para alumnos/as dos cursos.
Programa por determinar.

– II –

A. VIVALDI: Concerto para violonchelo en Si
menor RV 424.

I.- Allegro non Molto.

II.- Largo.

III.- Allegro.

Solista. Helena Poggio [Vc.]

R. GROBA: O xilgaro e o Picapau. Concerto para
frauta e xilófono in modo antico. (*)

I.- Rifeiros.

II.- Sosegados.

III.- Fedellos.

Solistas: Andre Cebrián [Fr.]

Xoel González [Xil.]

G. HOLST: Suite St. Paul's op 29.

I.- Jiga.

II.- Ostrtinato.

III.- Intermezzo.

IV.- Finale.

Orquestra de Cámara Galega.

[Director: Rogelio Groba Otero]

(*).- Estrea absoluta

OUTRAS ACTIVIDADES

Clases maxistras

CLASES MAXISTRAIS DE DE VIOLONCHELO E DE MÚSICA DE CÁMARA

- √ Abertas a violonchelistas e grupos de cámara xa formados de calquer nacionalidade sen límite de idade.
- √ Impartidas pola profesora Helena Poggio, violonchelista do Cuarteto Quiroga e profesora de música de cámara no Conservatorio Superior de Música de Aragón.
- √ Serán de balde tanto para os alumnos seleccionados como activos, como para os alumnos que desexen asistir coma ouvintes.
- √ As clases terán lugar os días 12, 13 e 14 de agosto, tanto no Conservatorio coma no Auditorio Municipal
- √ Haberá clases para violonchelistas solistas e tamén en formacións de cámara xa constituídas previamente ao festival: duo con violonchelo, trio con piano, trio de cordas, cuarteto con piano, cuarteto de cordas, quinteto de cordas e quinteto con piano.
- √ 4 plazas para alumnos activos (violonchelistas e grupos), seleccionados en base os currículos e grabacións remitidos.
- √ A distribución de prazas será a discreción da profesora do curso e da organización do mesmo.
- √ Os alumnos activos seleccionados terán un mínimo de dúas clases.
- √ Os mellores solistas e/ou grupos poderán ser seleccionados para participar no Concerto de Clausura do Festival Groba 2015, a celebrar o venres, 14 de agosto.
- √ Horarios:
 - mércores_12: presentación ás 10:00 horas no Conservatorio Profesional e clases en horario de mañá.
 - xoves_13: Clases no Conservatorio Profesional en horario de tarde (horario a determinar na presentación).
 - venres_14: Clases no Conservatorio en horario de mañá.



Fundada en 1995 por iniciativa de Rogelio Groba Otero, director-concertino, e Clara Groba, violonchelo principal e solista, está integrada por músicos formados en diversos conservatorios europeos. Desenvolve unha intensa actividade que a leva a interpretar un amplo repertorio que abrangue desde o barroco ata os nosos días, incluída a difusión de compositores galegos e cunha especial incidencia na extensa obra do compositor Rogelio Groba Groba, do cal realizaron numerosas estreas.

A OCGa ten actuado nas principais salas de concerto españolas, entre as que destaca o Auditorio Reina Sofía, de Madrid, o Palau de la Música de Barcelona, a Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, a Real Maestranza de Sevilla, o Teatro Jovellanos, de Gijón, o Palacio da Ópera da Coruña e o Auditorio de Galicia. No ámbito internacional, actuou en Viena, Spanien Modern Musikfestival, Nova York, Merkin Hall da Fundación Kaufman, Buenos Aires, Teatro Metropolitan e Holanda, Utrech, Den Bosh, Ámsterdam, Middleburg e De Doelen Auditorium, de Rotterdam e máis recentemente no Palazzo Ducale de Genova (Italia). Ten colaborado con profesionais do talle de Teresa Berganza, Anthony Pay, Cecilia Lavilla, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, Juan Lomba, José Núñez e José Luis Estellés.

Amais das súas gravacións en directo para TVE, TVG e Radio Clásica, a OCGa gravou tres CD. O primeiro publicado polo selo Boanergies, con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero; o segundo, monográfico do compositor R. Groba, co selo Autor, no que destaca a primeira gravación do *Concerto nº 2 para chelo e orquestra*, interpretado por Clara Groba, e o terceiro, editado polo selo Almagiva, do Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía, coa primeira gravación mundial en directo da ópera *Don Quijote*, do compositor Manuel García, na Real Maestranza de Sevilla.

Dende o verán de 2012 ven realizando unha serie de concertos dentro do programa *Os atardeceres do Gaiás*, na Cidade da Cultura, de Santiago de Compostela, cun formato moi orixinal e participativo con gran éxito de público. Así mesmo, a orquestra mantén un calendario de colaboracións coas sociedades filharmónicas galegas de Ferrol, Lugo e Vigo, á vez que realizou un ciclo propio de tres concertos no Teatro Colón, A Coruña, durante a primavera de 2013. Nestas actividades contou coa colaboración dalgúns dos máis brillantes xoves solistas do panorama internacional, como as violinistas Elena Urioste, Soyoung Yoon, Rika Matsato, Jesús Reina ou Ji Yoon Lee, e a pianista coreana Yedam Kim. A pasada tempada tivo como invitado ao trompetista venezolano Pacho Flores, artista exclusivo da *Deutsche Grammophon*, nun concerto especial.

Dende a súa primeira edición, A OCGa é a orquestra en residencia do Festival Groba actuando cos diversos artistas internacionais do festival como o violonchelista noruegués Oyvind Gimse; a xove virtuosa coreana Jin Joo Cho, recente gañadora da Medalla de Ouro do *Indianapolis Violin Competition*; o violinista Guillermo Figueroa, membro fundador e concertino dos aclamados *Orpheus Chamber Orchestra*, e brillantes solistas galegos coma André Cebrián e David Fernández. Neste 2015, a OCGa está a celebrar os 20 anos da súa fundación cunha axenda repleta de actividades onde destacan a súa posta en escea da ópera infantil *O Gato con Botas*, de R. Groba con representacións no Teatro Colón de A Coruña e no prestixioso Festival Fetén, en Xixón, e diversos concertos en Galicia e España, onde destacan a gala do seu 20 aniversario que tivo como invitados especiais á violinista Clara Jumi Kang e a Coral El Eco.

Integrantes da Orquestra de Cámara Galega

Director-concertino:

Rogelio Groba Otero

Violíns:

Enrique Agrelo.

Manuel Fernández.

Moisés Gestal.

Hugo Rodríguez.

Marta Oro.

Javier Díaz.

Esther García.

Carla Mondelo.

Jorge Galán.

Javier Ucha.

Violas:

Ana Mba (viola principal convidada).

Xabier Fernández.

Oscar Tomé.

Marta Oro.

Violonchelos:

Gustavo Cascón.

Alba Reirís.

Milagros García.

Contrabaixo:

Pilar López.

CLARA JUMI KANG _ violín

Xurado do concurso

Nacida en Alemaña nunha familia de músicos, comezou a tocar o violín aos tres anos. Só un ano máis tarde matriculouse na Escola Superior de Música de Mannheim como a alumna máis nova aceptada para estudar con Valery Gradov. Un ano despois comeza a estudar con Zakhar Bron na Escola Superior de Música de Lübeck. Aos seis anos foi portada da revista alemá *Die Zeit*, que a define como *nena prodixio*. Para entón xa debutara coa Sinfónica de Hamburgo con só cinco anos. Con sete anos foi aceptada na Juilliard School cunha bolsa completa para estudar con Dorothy Delay. A esa idade xa actuara con orquestras como Leipzig Gewandhaus, Sinfónica de Hamburgo, Kiel Philharmonie, Niza Philharmonie, Atlanta Symphony, Filharmónica de Seul, KBS Orquestra, Korean Chamber Orchestra, etc. Aos nove gravou o *Tripto Concerto* de Beethoven e un recital para a casa discográfica Teldec.



Aos once anos sufriu un trágico accidente nun dos seus dedos e non puido tocar o violín durante varios anos. Aos dieciseis comeza os seus estudos coa afamada profesora Nam-Yun Kim na Universidade Nacional Coreana das Artes, onde obtén a súa licenciatura e máster. Durante ese período, gañou os primeiros premios concursos internacionais como o 3º premio en Tibor Varga Violin Competition en 2007, 1º premio en Seúl Violin Competition en 2009, 2º premio no Concurso de Violín de Hannover en 2009, 1º premio en Sendai Competition en 2010, e nese mesmo ano obtén o primeiro premio e medalla de ouro no importante Concurso Internacional de Violín de Indianápolis, onde consegue outros cinco premios especiais adicionais.

Clara estableceuse como solista internacional, invitada regularmente a tocar con orquestras como Dresde Kapellsolisten, New Jersey Symphony, Sinfónica de Indianápolis, Santa Fe Symphony, Orquestra Metropolitana de Tokyo, Nagoya Philharmonic, Filharmónica Sendai, Hiroshima Symphony, Orquestra Kanazawa, Taipei Sinfónica Nacional, Orquestra Filharmónica de Moscú, así como coas orquestras coreanas máis importantes como Orquestra Filharmónica de Seúl, KBS Orquestra, Bucheon Orquestra e a Orquestra Filharmónica de Suwon. Lanzou o seu primeiro disco en solitario para Decca, *Modern Solo*, en 2011 cun complexo repertorio que incluía entre outras as sonatas de Ysaye, Schubert Erlkönig, ou *A última rosa do verán*, de Ernst.

Entre os eventos máis destacados da tempada 2011/12 incluíronse numerosos concertos con orquestras e recitais en USA, recital no Carnegie Hall, xira de recitais en Corea, así como aparicións en toda Asia. Na 2013/14, Clara Jumi realizou concertos e tours en Corea e Asia con Orquestra Filharmónica de Seúl / Myung-Whun Chung, Tokyo Metropolitan Orchestra no Santory Hall, KBS Orquestra Sinfónica / Yoel Levi, Taipei Sinfónica / Gilbert Varga e concertos en USA. Outros proxectos destacables da tempada foron as xiras de concertos coa Orquestra de Cámara de Viena, Orquestra da Suisse Romande, e San Petersburgo con Yuri Temirkanov. É unha apaixonada da música de cámara, colaborando con músicos como Kyung-Wha Chung, Myung-Wha Chung, Jian Wang, Gautier Capuçon, Cho Liang Lin, Maxim Rysanov, Paul Neubauer e é artista habitual do Great Mountains Music Festival en Corea.

En 2012, foi seleccionada como “*unha das máis prometedoras e influentes persoas en Corea*” polo xornal *Dong-A Times*, un dos máis prestixiosos do seu país. Tamén recibiu o Premio Daewon 2012 de Música polo seu logros e actividade artística a nivel internacional. Clara recibiu en 2014 o premio da importante fundación Kuhmo como *Músico do ano*. Dende 2011 vive en Múnic onde recibiu consellos musicais de Christoph Poppen.

Actualmente toca o violín Stradivarius “ex-Strauss” de 1708, amablemente cedido pola Samsung Music Foundation de Corea.

JESÚS REINA _ violín

Xurado do concurso

Foi eloxiado como un violinista “*cun belo son caracterizado por verdadeira musicalidade, temperamento e carisma*” (*El País*). Foi solista con orquestras como a Filharmónica de Málaga, Sinfónica de Barcelona, Orquestra do National Arts Centre (Ottawa) e do Teatro Mariinsky (San Petersburgo), e con directores como Eiji Oue, Valery Gergiev, Josep Vicent e Pinchas Zukerman, con quen compartiu escenario en varias ocasións. Actuou en auditorios como o Wigmore Hall (Londres), Wiener Konzerthaus (Viena), Wiener Saal (Salsburgo), Weill Hall de Carnegie Hall (Nova York), Southam Hall (Ottawa), Sala Glinka (Filharmónica de San Peters-

burgo), Palau de la Música e Auditori (Barcelona), Teatro Real (Madrid), Teatro Mestranza (Sevilla) e Teatro Cervantes (Málaga). Tamén participou en festivais como o Young Artist Program (Canadá), Heifetz Institute (Virxinia) e Music@Menlo (California). Entre os premios recibidos, encóntranse o outorgado ao “violonista máis sobresaínte” de mans de S.M. a Raíña Dona Sofía, a Medalla de Honra de Málaga, Porta de Andalucía, Gran Premio no National Solo Competition de EUA e o Waldo Mayo Memorial Competition (Nova York).

Jesús Reina iniciouse musicalmente co seu avó José Reina tocando verdiales (folclore malagueño). Continuou os seus estudos con Yehudi Menuhin, Natasha Boyarsky, José Luis García Asensio e Mauricio Fuks. Co apoio da Fundación Málaga viaxou a Nova York, onde obtivo un máster pola Manhattan School of Music, na que estudou cos célebres Patinka Kopec e Pinchas Zukerman, e graduouse co Premio Raphael Bronstein.

Entre as súas actuacións desta tempada encóntranse unha xira por Turquía, Malta, Portugal e Inglaterra a bordo do Queen Elizabeth, concertos en Latinoamérica e por toda a xeografía española. Actualmente, é codirector do festival Málaga Clásica e profesor na Academia Ivan Galamian de Málaga e na Universidade Alfonso X de Madrid.



ELENA URIOSTE _ violín

Xurado do concurso

Recentemente seleccionada como “BBC New Generation Artist” e portada da importante revista *Symphony*, foi eloxiada pola crítica e o público polo seu fermoso son, o seu lirismo musical e a súa gran presenza e elegancia escénica. No seu debut coa Chicago Symphony, tres diferentes críticas resaltaron a súa “hipnótica delicadeza”, o seu “sentido expresivo” e a súa “sensibilidade lírica”.

Dende o seu primeiro concerto coa Philadelphia Orchestra con 13 anos, tivo a oportunidade de debutar coas máis importantes orquestras americanas como Cleveland Orchestra, New York Philharmonic, Boston Pops, Buffalo Philharmonic e National, Atlanta, Baltimore, Detroit, Pittsburgh, Richmond e San Antonio Symphony Orchestras. En Europa tocou con orquestras como a London Philharmonic Orchestra, BBC Philharmonic, BBC National Orchestra of Wales, Würzburg Philharmonic, Orchestra Dohnányi Budapest e MAV Orchestra. Ofreceu recitais en salas tan emblemáticas como o Wigmore Hall londiniense, Carnegie Hall Weills Recital Hall neoyorkino ou o Mondavi Center da Universidade de California. Entre as súas últimas colaboracións con orquestra destacan os seus concertos coa Chicago Symphony e Detroit Symphony, coa BBC Philharmonic; as súas primeiras colaboracións coa Tucson Symphony, Asheville Symphony e Edmonton Symphony; recitais no Wigmore Hall, Sage Gateshead en Newcastle e o Konzerthaus Berlin.



Como gañadora en todas as categorías do Sphinx Competition en USA, Elena debutou no 2004 no Carnegie Hall's Isaac Stern Auditorium, retornando anualmente como solista. Tivo a oportunidade de colaborar con destacados directores como Mark Elder, Christoph Eschenbach, Yannick Nézet-Séguin, Robert Spano e Keith Lockhart; pianistas Mitsuko Uchida, Christopher O'Riley e Ignat Solzhenitsyn; celistas Peter Wiley, Carter Brey e Colin Carr; e violinistas como Joseph Silverstein, Shlomo Mintz, e Cho-Liang Lin. A súa actividade como músico de cámara, faina colaborar habitualmente co pianista Michael Brown en recitais, e foi artistas en festivais tan importantes como Marlboro, Ránívia, La Jolla e Sarasota, así como o Sion Valais International Music Festival en Suíza.

Entre os seus numerosos premios e recoñecementos destacan a Medalla á Excelencia da Sphinx Foundation, o London Music Masters Award, o Salon de Virtuosi Career Grant, e o primeiro premio no Sion International Violin Competition en 2007, onde tamén obtivo o premio do público e pola súa interpretación da obra contemporánea.

Elena é frecuente convidada a programas de radio e televisión como *From the Top*, *Performance Today*, as cadeas *Telemundo*, *NBC* e *WQXR*, etcétera. Colaborou no documental nominado aos premios Emmy *Breaking the Sound Barrier* e numerosas revistas especializadas como *The Strad*, *Strings*, *Philadelphia Music Makers*, *Career and Colleges* e *Latina Magazine*, esta última a incluíu no seu número especial de 15 aniversario como artista de referencia, lle adicaron artigos e reportaxes. O seu primeiro CD foi lanzado pola firma americana White Pine e a súa segunda gravación, co pianista Michael Brown saíu ao mercado no 2014.

Graduada no prestixioso Curtis Institute of Music, onde estudou con Joseph Silverstein, Pamela Frank e Ida Kavafian, obtén o seu máster na Juilliard School con Joel Smornoff. Outras notables influencias na súa formación foron David Cerone, Choong-Jin Chang, Soovin Kim e Rafael Druian. Elena toca un violín Alessandro Gagliano, Naples c. 1706, e un arco Pierre Simon xenerosamente prestados polo Dr. Charles E. King a través da Stradivari Society de Chicago

ROGELIO GROBA OTERO _ violín

Xurado do concurso

Titulado Superior na especialidade de Violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña, e en Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Música de Oviedo, prosegue a súa preparación durante varios anos en Londres, con Detlef Hann, profesor de a Guildhall School of Music and Drama.

En 1995, funda como director-concertino a Orquestra de Cámara Galega. En 2000, dirixe a gravación da súa propia obra *Divertimento para cordas*, incluída no primeiro CD desta formación, e en 2005 a gravación do segundo CD, dedicado integramente á obra do seu pai, Rogelio Groba Groba. Tamén participou na recuperación e estrea da ópera *Don Chisciotte*, de Manuel García, así como a súa gravación, realizada en directo no Teatro da Maestranza, de Sevilla.

En maio de 2007 dirixiu a OCGA no Spanish Modern Festival de Viena, onde obtivo un grande éxito



de público e de crítica coa interpretación de obras de compositores galegos, e en agosto, realizou unha exitosa xira por Arxentina, que foi o preámbulo dunha serie de concertos ofrecidos por toda Galicia e parte do resto de España. No ano 2008, amais de numerosos concertos por toda a xeografía galega e diversos puntos de España, dirixiu a OCGA no seu debut en Nova York, no Merkin Concert Hall, da Fundación Kaufman. En 2010 dirixiu a Orquestra de Cámara Galega nunha xira por Holanda, con actuacións en Utrecht, Ámsterdam, S-Hertogenbosch e Middelburg, nunha xira que finalizou no auditorio De Doelen, de Rotterdam, e que posteriormente proseguíu no Auditorio 400 do Museo Reina Sofía (Madrid) e no Palau de la Música (Barcelona) e máis recentemente, en outubro de 2013, no Palazzo Ducale de Genova.

Realizou gravacións para a Radio Galega, TVG, TV3, TVE e RNE, e amais de España, ten actuado en Portugal, Francia, Austria, Gran Bretaña, Arxentina, Chile, Uruguay, Colombia e Venezuela, e foi director da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Música da Coruña. Ademais de director-concertino da Orquestra de Cámara Galega, é patrono da Fundación Rogelio Groba e do Festival Groba, profesor superior de Violín e Música de Cámara no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

PABLO VIDAL _ violín

Xurado do concurso

Comeza a tocar o violín á idade de nove anos na Coruña, a súa cidade natal. Estudou baixo a tutela de mestres como Yuri Volguin en Madrid, Pierre Amoyal e Jean Jaquerod no Conservatorio de Lausanne, Per Enoksson na Universidade de Goteborg, e con Linda Wang na Denver University. Obtén o seu título de profesor de violín en 1999 en España, e o seu mestrado en estudos orquestrais pola Universidade de Goteborg en 2007. Durante estes anos asiste a cursos e masterclasses con artistas como de L. Spierer, P. Zukerman, García Asensio, Midori, N. Znaider, R. Ricci, J. Rachlin, Ik Hwan Bae, Kantorow, P. Vernikov, M. Fried, A. Leon Ara e membros dos cuartetos Tokio, Vermeer, Amadeus, Israel...



Como músico de cámara e en recitais, ten tocado en cidades de Europa, USA, Canadá, Corea do Sur e Xapón, e en festivais como Casals, Castleton, Kuhmo, Great Mountains, Casalmaggiore, MusikAlp, Bayreuth, Las Vegas, Elverum, Kirishima, Portogruaro, Orford ou Dartington, onde compartiu escena con músicos como Yuval Gotlibovich, Yakov Kasman, Kazuki Sawa, Anne Shih e principais de orquestras como a Goteborg Symponiker, Royal Concertgebouw, Orquestra da Comunidade Valenciana e NHK Tokio.

Colaborador de orquestras como a Irish Chamber Orchestra, Symphony Orchestra of India, Philharmonisches Kammerorchester Berlin, Chamber Orchestra of Cascais, German National Orchestra, Kirishima Virtuosos, Orkester Norden, Wiener Walzer Philharmonie, Lamont Symphony Orchestra, Dartington Festival Orchestra... coas que realizou xiras por Europa, China, Usa, India, Omán e Canadá, en salas tan importantes coma Concertgebouw Ámsterdam, Konzerthaus Berlin, Auditorio Nacional de España, Stadhalle Bayreuth, Philharmonie Berlin, Gewadhaus Leipzig, Newman Center Denver, Beijing Concert Hall, Royal Opera House Muscat, Shanghai Oriental Arts Center... onde tocou baixo a batuta de grandes directores, como Kent Nagano, O. Kamu, F. Layer, J. DePreist, D. Masson, G. Korsten, A.Fischer, E. Klas, P. Halffter, J. Swensen, P.

Sakari , Gómez Martínez... con diversas gravacións para a radio e a televisión, e varios CD. Foi seleccionado polo mestre Lorin Maazel como membro da súa Castleton Orchestra, coa que interpretou óperas e concertos no Castleton Festival, en Virxinia (USA), e en xiras internacionais, baixo a batuta do mestre Maazel.

Apaixonado pola pedagogía, actualmente é profesor de violín e música de cámara no Conservatorio de Vilagarcía, onde tamén desempeña a función de coordinador do Departamento de Corda. Así mesmo, ten colaborado con proxectos internacionais, coma a Deutsch Skandinavische Jugend Philharmonie, en Berlin, onde liderou e impartiu clases nunha das seccións de violíns da orquestra. Dende o verán de 2013 colabora anualmente como profesor e artista en residencia no Grumo Festival, nos Dolomitas italianos.

Activo na organización de varios proxectos musicais en Galicia, onde foi o coordinador artístico do Ciclo de Novos Intérpretes Auditorio de Vilagarcía, e establece unha estreita colaboración coa OCGa e o Festival Groba dende o ano 2012. Actualmente é General Manager e membro do comité artístico de Diamond Artists, International Artist Management.

KASIA WIECZOREK _ piano

Pianista acompañante no concurso

Reputada pianista de cámara e solista a nivel mundial, constantemente demandada como acompañante. É coñecida pola súa mestría, o seu sentido máxico da musicalidade e a súa capacidade e versatilidade para tocar con outros músicos en diversas formacións.

A súa reputación levouna a unha infinidade de festivais en todo o mundo como o Festival de Música de Cámara Bastad, Ludwigsburger Schlossfestspiele, Lübeck Sommer Musik, Festival de Rheingau, Festival Internacional de Jeju, IKIF Festival de Nova York, Malibú Songfest, Braunschweig Festival Classix Festival Bebersee.

Tocou con músicos como Grace Bumbry, Giuliano Sommerhalder, Michel Becquet, Jonas Bylund, Oystein Baadsvik, Claudio Bohórquez, Oscar Bohórquez e Joseph Alessi. Gravou para Radio WDR de Colonia, Radio suíza, NDR Televisión e para o exclusivo programa da BBC Radio Serie Nova *Xeración de Artistas*. Como acompañante traballou en clases maxistras con distinguidos mestres como Wolfgang Boettcher, Ana Chumachenko, Wenn Sinn-Yang, Martin Loehr, Jonas Bylund, Stefan Dohr, Sol Gabetta, Frans Helmerson, Hartmut Rohde, Rheinhold Friedrich, e Graham Johnson. Tamén deu clases maxistras na Universidade de Nevada (Las Vegas) e na Universidade Stetson (Orlando).

É invitada habitualmente como acompañante oficial a concursos como: ARD Concurso Múnic, Aeolus Competition Düsseldorf, Bos Aires Concurso Internacional de Violín, Praga Concurso de Primavera, Deutsche Musik Wettbewerb Berlín, Jeju Competition e o Concurso Internacional de Violín Wieniawski. Posúe unha notable capacidade para captar e desenvolver o talento de xoves músicos (en particular aos mozos desfavorecidos). Dende 2011 é membro de *Rhapsody in School*, unha Organización Internacional de Música, fundada por Lars Vogt.

Estudou coa profesora Irina Oleszkiewicz (Polonia), Martin Dörrie (na Escola de Música e Teatro de Han-



nover) e con Matti Raekallio (Juilliard School de Nova York). Dende 2010 é profesora na Folkwang Hochschule de Essen e a Escola Superior de Música de Frankfurt am Main.

Dende os trece anos gañou numerosos concursos tanto no seu país de orixe coma en Grecia, Italia, Alemaña e a República Checa. En 2006 foi a gañadora do premio da Sight Reading Karl Bergemann Competition. Recibiu numerosas bolsas como a bolsa do Rotary Club Internacional, Edelhof Stiftung, Yehudi Menuhin's "Live Music Now", Fundación Eva e Marc Stern e o Mannes College.

HALENA POGGIO _ violonchelo

Nace en Madrid en 1978. Comeza os seus estudos aos oito anos no Conservatorio de Madrid rematándoos con Premio Extraordinario Fin de Carreira en 1999. Estuda cinco anos na Escola Superior de Música Raíña Sofía, baixo a dirección de Frans Helmerson. En Bloomington, Universidade de Indiana, obtén o *Artist Diploma* estudando con T. Tsutsumi. Continúa a formación na Juilliard School, con J. Krosnick e obtén o *Master of Music*. Recibiu clases maxistras de D. Geringas, L. Claret, B. Greenhouse, J. Starker, P. Müeller e B. Pergamenschikov.



Primeiro Premio no Concurso Nacional de Instrumentos de Corda *Cidade de Xàtiva*, Primeiro Premio e Premio do Público ao mellor intérprete de corda no Concurso Internacional de Instrumentos de Arco *Julio Cardona* en Portugal, *Alumna mais destacada* da cátedra de cello da Escola Raíña Sofía dous cursos consecutivos, Segundo Premio e Premio *Mellor Intérprete de Música Española* no Concurso Internacional *Vila de Llanes*, Primeiro Premio do Concurso Permanente de Cámara de Xuventudes Musicais, Primeiro Premio no Concurso anual de Música Española e Latino-Americana da Universidade de Indiana. Actuou en calidade de solista e con diferentes formacións camerísticas en diversas salas de España, Portugal, Alemaña, Holanda, Italia, Bosnia, EUA e gravado para Radio Clásica e TVE.

Bolseira Fulbright foi subvencionada á súa vez pola Comunidade de Madrid, Xuventudes Musicais de España, Fundación Isaac Albeniz, Ministerio de Cultura, e a Asociación de Intérpretes e Executantes (AIE). Finalizou os seus estudos con N. Shakhovskaya en violoncello e R. Schmidt en Música de cámara na Escola Superior de Música Raíña Sofía.

Actualmente é violoncello do Cuarteto Quiroga e ocupa a Cátedra de Música de Cámara/Cuarteto de Corda do Conservatorio Superior de Música de Aragón.

JAVIER DÍAZ _ violín

Nado en Palma de Mallorca en 1991, comeza os seus estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música das Illas Baleares, recibindo clases dos profesores Ramón Andreu, Sebastià Pou Rotger, Miguel Ángel Gutiérrez, Miguel Ángel Cueves e Ricardo Duato. De seguido entra no Conservatorio Superior onde recibe clases cos profesores Vicente Balaguer Domenech, Agustín León Ara, José Manuel Álvarez Losada, Santiago Juan Martín e Delphine Caserta.

Ten participado en orquestras xoves, como JORVAL, OJIPC, JOB, e tamén na Sinfónica de Ibiza. No eido profesional actuou en Palma coa Academia 1830 e a Orquestra J. Palaschko, e en Galicia coa Orquestra de Cámara Galega, realizando intervencións como solista nestas dúas últimas agrupacións.

Logo de rematar os seus estudos no Conservatorio Superior das Illas Balearea, está a realizar un Máster de Interpretación na especialidade de Violín Solista na ESMUC con Eva Graubin.



ANDRÉ CEBRIÁN _ frauta

Realiza os seus estudos musicais en Galicia cos profesores J. A. Rey, L. Soto, L. Blaiteau e C. Walker; así como no Conservatorio Superior de Salamanca (P. Sagredo) onde finaliza con Mención Honorífica. Amplía a súa formación musical no Conservatoire de Paris (C. Lefebvre) e na Hochschule für Musik Detmold (J. Bálint). Especialízase na música de cámara no Instituto Internacional de Música de Cámara de Madrid cos mestres H. Schellenberger, K. Thunemann, R. Vlatkovic e J. Zoon. Foi integrante da JONDE e da Gustav Mahler Jugendorchester. Colabora con diferentes formacións como a Orchestra Mozart, Sächsische Staatskapelle Dresden, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Plural Ensemble ou Britten-Pears Orchestra; e é invitado regularmente como primeiro frauta na Orquestra Sinfónica de Castela e León, a Orquestra Filharmónica de Gran Canaria e a Orquestra Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña, o que lle levou a traballar con directores como D. Afkham, H. Blomstedt, L. Bringuier, Collin Davis, D. Gatti, J. López Cobos, M. Minkowski, G. Nosedá, E. Oue, A. Pappano, V. Petrenko ou F. Wesler-Möst.



Actuou como solista xunto á Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra Sinfónica de Castela e León, Orquestra Gaos, Orquestra da Academia de Música de Cracovia e á Orquestra Sinfónica de Zabrze. Entre os premios recibidos destacan os obtidos no IX Ciclo de Novos Intérpretes da Fundación Pedro Barrié de la Maza, no IV Concurso Internacional de Frauta de Cracovia e no VI Concurso Internacional Michal Spisak de Polonia.

Impartiu clases maxistras no Conservatorio de Pontevedra, na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela, nas Bandas de Música de Vilagarcía de Arousa, Rianxo e Meaño e no IV Campus Musical da FGBMP. É invitado como profesor pola Orquestra Presjovem, Orquestra Galega das Artes, Orquestra Sinfónica Xuvenil Carlos Chávez (México) e a Orquestra Sinfónica Infantil de México.

XOEL GONZÁLEZ _ percusión

Naceu en Guláns (Pontevedra) en 1993. Iniciou os seus estudos musicais no CDM de Pontearreas, para entrar máis tarde na Escola de Música da Banda A Unión, de Guláns. Con 11 anos pasa a formar parte desta agrupación en calidade de percusionista, posto no que se mantivo ata a actualidade.

No ano 2014 rematou os seus estudos de Grao Profesional no Conservatorio Municipal Reveriano Soutullo, de Pontearreas, así como o Grao 7 na especialidade de Batería na Rockscool, no centro CDM de Pontearreas. De seguido inicia os estudos superiores no Conservatorio Eduardo M. Torner, de Oviedo, acadando excelentes.

Colaborou coa Orquestra Xuvenil de Santander e coa Orquestra Filarmónica de Asturias.



JOSU ELBERDIN _ director de coro

Nado no 1976 en Pasaia, realizou seus estudos musicais no Conservatorio de Grao Medio de Pasaia, onde obtén os títulos de mestre de Piano e Canto. É a súa vez diplomado en Educación Social pola UPV, en 1997.

Dende o 2000 é mestre da Escola de Música Municipal de Pasaia, impartindo clases e conducindo ou colabourando con varias agrupacións de tipo coral ou instrumental. É, ademais, organista da Parroquia da Nosa Señora do Carmen de Trintxerpe dende 1991.

No campo da composición, son reseñables a escritura de obras obrigadas e encargadas polos certames e coros máis prestixiosos do panorama internacional, e para concursos e Festivais, como Tolosako Nazioarteko Abesbatzen Lehiaketa, Europa Cantat Junior, Simposium Coral Mundial de Argentina 2011, Quincena Musical de San Sebastián, Muikaste, etcétera

As súas composicións, moi centradas no ámbito infantil, foron postas en escea con moita asiduidade en formato de conto musical. Aínda que no conxunto das súas obras abundan as composicións de carácter eminentemente coral, conta tamén cunha gran produción de obras de carácter sinfónico, pop-rock e instrumental.



JAVIER BUSTO _ director de coro

Nado en Hondarribia (Guipuzkoa) o 13 de novembro do 1949. Cantor de coro dende a súa infancia, na súa xuventude forma parte de diversos grupos de rock e música folk. Licenciado en Medicina e Ciruxía pola Universidade de Valladolid e médico de familia, por concurso-oposición, do servizo Vasco de Saúde-

Osakidetza, desenvolve a súa actividade profesional en Lezco.

De formación musical autodidacta, iniciouse na música coral co Mestre Erwin List. Na súa etapa universitaria asume a dirección do coro de estudantes vascos Ederki, en Valladolid, co cal consegue o terceiro premio no concurso de Tolosa (1975). É nesta época cando empeza a escribir as súas primeiras cancións para coro, coas que acadou un notable recoñecemento.

Fundador-director do coro Eskifaia en Hondarribia, conseguiu primeiros premios en Ejea de los Caballeros, Tolosa, Avilés, Tours (Francia), Gorizia (Italia), Spittal an der Dräu (Austria), Mainhasuen e Marktoberdor (Alemania). Tamén é fundador-director de Kanta Cantemus Korau, en Guipuzkoa, coro feminino co que obtivo primeiros premios en Tours (Francia) e tamén en Tolosa.

Obtivo premios de composición en Bilbao, Tolosa, Igualada e Madrid. As súas obras editáanse en Alemaña (Carus Verlag e Ferrimontana); Francia (Editions à Coeur Joie); País Vasco (bustovega y CM Ediciones Musicales); Reino Unido (Oxford University Press); Suecia Gehrmans Musikförlg) e USA (Walton Alliance Music Publishers e Santa Bárbara).

Imparte cursiños-obradoiros de dirección coral e forma parte de xurados en concursos de composición e interpretación coral en: Alemaña, Argentina, Australia, Bélxica, Canadá, Croacia, España, Estados Unidos, Francia, Holanda, Hungría, Italia, Xapón, Noruega, Suecia, Taiwan e Venezuela. Membro do comité técnico do Certame de Masas Corales de Tolosa.



CORO XUVENIL CANTEMOS



O coro Cantemos é un proxecto coorganizado polo Obradoiro Vocal A Vila (OVAV) e o Colexio Nosa Señora dos Remedios, ambas institucións pertencentes á vila de Pontearreas. Dende hai xa oito anos, o OVAV tiña a necesidade de formar a novos cantores dende a súa base.

Inicialmente puxo en funcionamento a súa propia Escola de Canto e no ano 2012 apostou pola formación dun coro Infantil e Xvenil, o coro Cantemos, en colaboración co devandito centro escolar. Esta organización conxunta vén dada pola longa tradición musical coral deste colexio, que xa hai 40 anos contou coa súa propia formación e que gravou un CD de panxoliñas, *Nadal Galego*, todo un referente das festas do Nadal na comunidade galega e aínda comercializado a día de hoxe nas grandes superficies comerciais; así

mesmo chegaron a participar no programa *Os Chirripitiñlaúuticos* da RTVE.

O Coro Xuvenil Cantemos vén de participar na Cidade de Braga no certame *Voices of a T “Y” meline* no prestixioso Theatro Circo. Tamén deron varios concertos xunto co OVAV no auditorio de Ponteareas, e foi elixido pola Deputación de Pontevedra para participar no Festival de Habaneras 2013 celebrado en Tui. Ademais, traballou co director e compositor Josu Elberdin, ofrecendo un concerto no que se interpretaron obras do propio Elberdin.

O coro “Cantemos” está formado por 60 coralistas dirixidos por Ruth Barros Abalde.

OBRADOIRO VOCAL A VILA



O Obradoiro Vocal “A Vila” créase no ano 2004 en Ponteareas. Foi seleccionado para participar en diferentes concursos nacionais de canto coral, como o Antonio José de Burgos, Rivasvaciamadrid, Villancicos de Murcia, Concurso Internacional de Canto Coral Villa de Avilés e mailo de Canción Mariñeira de San Vicente de la Barquera. Tamén foi convidado pola Federación Española de Coros a participar na primeira mostra de coros nacionais celebrada en Burgos no ano 2012.

Como colaboracións máis destacadas, cómpre destacar as que fixeron coa Orquestra de Cámara Galega nunha xira por toda Galicia representando a obra de Rogelio Groba *Cantigas do Mar*, a gravación dun tema no último traballo do grupo folk afincado en Bélxica Ialma e a xira pola sostiabilidade xunto a Teresa Novoa e Alejo Amoedo. No 2013 presentaron a estrea de *Son de contos* (tres contos musicados de autores destacados da literatura galega) no Teatro Principal de Pontevedra.

Foron convidados polo Conservatorio Superior de Música de Vigo para interpretar *El Barberillo de Lavapiés* e, máis recentemente, a ópera *Dido and Eneas*.



Organiza:



Colaboran:



Concello de
Pontearreas



XUNTA
DE GALICIA

www.festivalgroba.com